

**PREGUNTA DE AER RELATIVO AO ESPAZO MUSEÍSTICO CERÁMICA SARGADELOS.(Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).**

PLENO 28 XUÑO DE 2017. ACTA 07/2017

*“Poderíannos explicar as razóns polo que se destina unha cantidade de 14.413,40 euros a crear un espazo museístico na Casa da Torre cunha colección de cerámica de Sargadelos recentemente doada ao Concello de Redondela e pola contra se renuncie a musealizar o material que a asociación Alén Nos ten recompilada e xa ofreceu en numerosas ocasións para que poida ser gozada por toda a veciñanza de Redondela?”*

*A sra. Amoedo Dasilva considera que no rogo se fai unha afirmación que non é certa xa que non se renuncia. A doación é un reclamo para visitar a vila. Hai que buscar un espazo acorde para instalala e que poida ser disfrutada dun xeito apropiado por todos e non se pode facer na casa da Torre.*